



EN INGLÉS



“All about Britain”. Julie Hart .Burlington Books

Viaxa a Gran Bretaña e descubre, entre outras cousas, a súa intrigante historia, cultura diversa, os gossips da familia real, lugares populares, lendas misteriosas e inusuais tradicións británicas.




“All about Scotland”. Emily Winston. Burlington Books

Vén a Escocia e descubre, entre outras marabillas, a historia deste especial país do norte de Gran Bretaña, e ás súas heroínas e escritoras; e viaxa ás Highlands (Montañas Altas) e aos lochs (lagos).



“All about Irland”. Emily Winston. Burlington Books

Viaxa a Irlanda e descubrirás feitos fascinantes sobre este país, visitarás zonas preciosas como Giant's Causeway (a Calzada do Xigante) e monumentos antiquísimos entre outras sorpresas.



“All about South Africa”. Philipa Tracy. Burlington Books

Mergúllate en Sudáfrica e descubre a turbulenta historia deste país, desde a chegada das primeiras europeas até o día de hoxe, ao seu heroe nacional, Nelson Mandela, e moitas singularidades máis.



Neste 2022 no que o lema das bibliotecas escolares foi “ A biblioteca escolar ten a palabra” quremos pechar este curso coas verbas do autor ourensá Alfredo Conde.

“MEMORIA DE NOA”

O día vai morrendo e a luz devala neste meu país triste e pequeno, verde e doce, neste meu país de eterna anoitecida, e mentres me aseguro de que en ningures atoparei acougo, determínome na busca das palabras porque se non teño nada que dicir haberá verbas que falen por si soas da miña doce fala medio morta, da miña doce fala meiga, da miña fala pequeneira, e triste direi abilloar, e direi aviñanza e direi abirtas, abofellar e direi a e direi zuzar e non direi nada que careza de sentido, farei unha cambada con elas e direi que veño do río dos soños, de soñar o meu país como outros soñan guerras: o meu país feito de palabras, miña patria.

Al lector se le llenaron de pronto los ojos
de lágrimas,
y una voz cariñosa le susurró al oído:
¿Por qué lloras,
si todo en ese libro es de mentira?
Y él respondió:
-Lo sé;
pero lo que yo siento es de verdad.

LA VERDAD DE LA MENTIRA, Ángel González

Web:

<https://epavigo.es/biblioteca/>

**EPA BERBÉS
VIGO**

**Suxestións
Lectoras
Verán 2022**

**EPA
BERBÉS**

**Un verán de aventura...
coa lectura**


EN GALEGO



“A revolución vertical”. Ngũgĩ wa Thiong'o. Editorial Galaxia.

É unha fábula de estilo clásico escrita en Kikuyu e traducida a máis de oitenta idiomas en todo mundo. Unha homenaxe á tradición da literatura oral e dese máxico momento compartido que supón ler aos outros.

“Infamia”. Leticia Costas. Xerais.



Emma Cruz, profesora de Dereito Penal, trasládase a Merlo para impartir clases na Universidade e descubre que ese lugar está marcado pola desgraza. A súa chegada coincide co 25 aniversario da desaparición das irmás Giraud, dúas nenas ás que semella que traxou a terra.



“O souto dos catro ventos”. María Oruña Editorial Aira


No evocador souto dos catro ventos do antigo mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil aparece morto un home vestido como un monxe bieito. Como é posible, se os frades abandonaron aquel lugar no século XIX?

“O bichero”, Luís Davila. Labiblos.

O estilo de Davila combina “unha fina retranca e un tratamento irónico e intelixente da xunto a un certo retrato la idiosincrasia galega”.



EN GALEGO



“Poetízate”. Fran Alonso. Xerais

A POESÍA non morde. E, aínda que haxa quen pense o contrario, non é aburrida, romanticona nin difícil. Esta divertida antoloxía poética demostra o contrario.

“Non penses nun elefante rosa”. Antía Yañez. Xerais

Aurora é nova, independente, ten traballo, amigas, vive soa na cidade, le novelas eróticas, sae cando quere e déitase con quen lle praxe. Todo sería perfecto... se non fose porque na súa existencia case nada vai como debería.



Irene Vallejo
O infinito nun xunco
A invención dos libros no mundo antigo
Tradución María López Balboa




“O infinito nun xunco”. Irene Vallejo. Xerais

Os libros e a súa historia, os libros e o seu nacemento, os libros e o seu impacto social. Irene Vallejo condúcenos a través dunha fascinante viaxe pola historia dos libros, ese asombroso artefacto que atravesou o espazo e o tempo.

“Os dados do reloxeiro. Ciencia amena para mentes inquietas”
Xurxo Mariño Alfonso. Consello da Cultura Galega

Este libro é unha colección de reflexións ofrecidas cun exemplar tratamento divulgativo no que teremos a ocasión de ver reflectidas moitas cuestións da vida común, tratadas dende unha óptica científica



EN CASTELÁN

“La mujer en la ventana”. A. J. Finn




Unha muller soa e vulnerable, recluída na súa casa, ve desde a ventá algo que non debería ter visto. Pero ninguén a cre.

“Por si las voces vuelven”. Ángel Martín Planeta.



Un sorprendente testimonio sobre a loucura. Un relato en primeira persoa sobre o que supón perderse ter que reconstruírse desde cero.

“Una mujer en la garganta”. Marwán Planeta.



Un libro que é una reivindicación dos amores apaixonados e a beleza, pero tamén unha autorreivindicación poética, mundo en que Marwán se sente un apátrida ao non recoñecerse dentro de ningunha tradición.



“El gran libro de los perros”. Karin du Croo, Miguel Gallardo. Astiberri edicions.

A mediados do ano 2019, Karin du Croo e Miguel Gallardo adoptaron a Cala, unha mezcla de terrier e non se sabe que máis, Cala entrou nas súas vidas e cambiounas para sempre.